

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 18 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases que regulan as axudas destinadas á implantación de sistemas de autocontrol nos mercados de gando da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2009.

Os mercados de gando manteñen unha importante función dinamizadora do sector agrogandeiro galego, sendo indubidable a súa importancia económica e social, facéndose incluso imprescindibles na implantación de prezos de referencia do gando, favorecendo deste xeito a regularización do comercio e en definitiva da renda dos gandeiros.

As crecentes exixencias dos consumidores en materia de sanidade e benestar animal, identificación e rastrexabilidade do gando e produtos gandeiros establecidas pola Unión Europea obrigan a este tipo de explotacións a modernizar as estruturas de comercialización.

O paso dos animais vivos polos mercados é unha etapa máis dentro da vida do animal destinado á produción de carne e débese considerar como un factor integrante do control da calidade integral da carne.

Como consecuencia do anterior, esta orde ten por obxecto establecer unha liña de axudas *de minimis* destinada a apoiar a aplicación de sistemas de autocontrol nos mercados de gando, entendidos como a implantación e desenvolvemento dun protocolo de actuacións, que con carácter previo e preventivo permitan un control máis detallado das distintas etapas, logrando así un mellor aproveitamento dos seus recursos e polo tanto dando unha resposta máis rápida e eficaz diante das posibles eventualidades que poidan afectar a consecución dos obxectivos establecidos de sanidade, benestar, identificación e rastrexabilidade do gando.

Esta orde de axudas dítase de acordo ao disposto no Regulamento (CE) n.º 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado ás axudas *de minimis*, e establécese no marco do Real decreto 190/2007, do 9 de febreiro, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas *de minimis* destinadas á implantación de sistemas de autocontrol nos mercados de gando.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as competencias que me confire a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto da orde.*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras das axudas destinadas á implantación de sis-

temas de autocontrol nos mercados de gando da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva mediante o sistema de rateo.

2. As bases reguladoras publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural.

3. Así mesmo, por medio desta orde convócase a devandita axuda para o ano 2009.

Artigo 2º.-*Definicións.*

Para efectos desta orde entenderase por:

Mercado de gando como a concentración pública de gando vivo, con fins comerciais, realizada en lugares destinadas para tal efecto, en datas determinadas e con carácter regular, e autorizada como tal pola autoridade competente.

Artigo 3º.-*Beneficiarios e requisitos.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas xurídicas, públicas ou privadas, que sexan titulares dun mercado de gando, segundo o establecido na base de datos do Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras creada polo Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

Como requisitos para a concesión da axuda, os mercados de gando deberán:

1. Estar autorizados como centros de concentración para intercambios intracomunitarios segundo o Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina ou o Real decreto 1941/2004, do 27 de setembro, polo que se establecen as normas de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de terceiros países das especies ovina e caprina.

2. Realizarse cunha periodicidade, polo menos, semanal.

Artigo 4º.-*Actuacións subvencionables.*

1. Subvencionarase as actuacións destinadas á implantación dun sistema de autocontrol, segundo os seguintes requisitos mínimos:

1.1. Os sistemas de autocontrol aplicables nos mercados de gando deberán rexistrar, cando menos, os controis que se realizan nos seguintes aspectos xerais actividade e instalacións do mercado:

- a) Mantemento óptimo das instalacións do mercado.
- b) Formación do persoal.
- c) Organización da actividade do mercado.

1.2. O sistema de autocontrol incluíra, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Elección de puntos, lugares e actuacións nos cales se debe realizar o control.
- b) Obxectivos que hai que acadar ou valores guía que se espera obter nese punto de control.
- c) Frecuencia dos controis.
- d) Rexistro das incidencias cando estes obxectivos ou valores non se acadan.
- e) Medidas correctoras aplicadas no caso de ocorrencia de incidencias.

2. Non será en ningún caso subvencionable o cumprimento da lexislación obrigatoria en materia de ambiente, sanidade, benestar e identificación animal.

Artigo 5º.-*Contía de axudas.*

1. O nivel de axuda para os investimentos previstas nesta orde non poderá superar o 50 por cento dos investimentos subvencionables.

2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior a axuda máxima non poderá superar a cantidade de 36.000 euros por beneficiario e ano.

3. Cando o importe das solicitudes con dereito a axuda exceda o crédito dispoñible, realizarase un rateo cos fondos dispoñibles para ela, reducindo proporcionalmente as contías unitarias das axudas, co fin de non superar a devandita contía total.

4. As axudas que se concedan de conformidade co establecido nesta orde axustaranse ás seguintes limitacións adicionais:

4.1. Como moito, un beneficiario poderá percibir estas subvencións durante cinco exercicios consecutivos.

4.2. O primeiro ano poderase subvencionar a implantación do sistema de autocontrol dese mercado.

4.3. Nos seguintes anos subvencionaranse os custos de control relativos ao sistema de autocontrol implantado no mercado.

4.4. Cada beneficiario poderá recibir só durante tres anos a porcentaxe máxima de subvención que se fixe para cada exercicio.

4.5. Cando un beneficiario reciba estas subvencións catro ou cinco anos, o importe máximo poderá ser do 40 por cento o cuarto ano e do 30 por cento o quinto, dos custos subvencionables.

5. A axuda total *de minimis* concedida non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Antes de conceder a axuda, solicitarase da empresa unha declaración escrita

sobre calquera outra axuda *de minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso. Ao beneficiario informaráselle por escrito o importe da axuda (expresado en importe bruto de subvención) e sobre o seu carácter *de minimis*, facendo referencia o regulamento (CE)1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006.

Artigo 6º.-*Solicitudes e prazos de presentación.*

1. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da Xunta de Galicia, ou nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

2. Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitud segundo o anexo I.
- b) Unha descrición detallada do sistema de autocontrol que se vai implantar nos termos mínimos previstos no punto 1 do artigo 4.
- c) Avaliación económica dos custos de implantación do sistema de autocontrol.
- d) Declaración do conxunto de todas as axudas *de minimis* por calquera concepto solicitadas ou concedidas ao solicitante polas distintas administracións públicas competentes, durante o período dos 3 anos anteriores á data de presentación desta solicitude segundo modelo que figura no anexo III.
- e) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, por este concepto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas conforme o modelo do anexo II.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase

como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último do mes.

5. Se a documentación presentada fose incompleta ou non reunise os requisitos establecidos, requirirase o responsable para que, no prazo de dez días hábiles desde o seguinte ao da recepción do requirimento, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa solicitude, logo de resolución en tal sentido, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

6. A Consellería do Medio Rural poderá solicitar dos peticionarios toda a información e xustificacións técnicas e económicas que considere necesarias co obxecto de comprobar a realización das actuacións subvencionables e os custos derivados.

Artigo 7º.-Autorización.

A presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado implicará a autorización á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Así mesmo, de acordo co establecido na disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Artigo 8º.-Tramitación e resolución.

1. O órgano competente para a instrución e tramitación do procedemento é a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria. A resolución do expediente correspóndelle ao conselleiro do Medio Rural, por proposta do director xeral de Producción Agropecuaria.

2. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado da valoración das solicitudes de axuda, así como de emitir o informe de avaliación efectuada. A comisión de valoración estará formada por: presidente, o subdirector/a xeral de Gandería; vogal, o/a xefe de Servizo de Planificación Gandeira; e secretario, o/a xefe de Servizo de Producións Gandeiras. A comisión de valoración presentará o informe coa valoración das solicitudes para que a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria formule a proposta de resolución ao conselleiro do Medio Rural.

3. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona, así como a axuda concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

4. A Consellería do Medio Rural notificará a resolución, nun prazo máximo de tres meses a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG. A falta de notificación no dito prazo poderase entender desestimatoria das peticións de axuda.

5. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá presentarse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación.

Artigo 9º.-Concorrenza e acumulación de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

1. Xunto coa solicitude inicial, os peticionarios das axudas presentarán unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións ou entes públicos, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas ou o anexo II debidamente cuberto. Ademais presentarán unha declaración do conxunto de todas as axudas *de minimis* por calquera concepto solicitadas ou concedidas polas distintas administracións públicas competentes, durante o período dos tres anos anteriores á data de presentación desta solicitude ou o anexo III debidamente cuberto.

2. En calquera caso, coas xustificacións, e se houberse modificación da declaración anterior, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Artigo 10º.-Control da execución dos programas.

1. A supervisión do sistema de autocontrol será realizada pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria ou organismos independentes de control que verificarán a correcta implantación do sistema de autocontrol, mediante visita de inspección semestral. No caso de detectarse incumprimentos reducirase a periodicidade de supervisión do sistema.

2. A Dirección Xeral de Producción Agropecuaria realizará as comprobacións administrativas e sobre o terreo que considere oportunas, co fin de comprobar o cumprimento do sistema de autocontrol nos merca-

dos beneficiarios. As comprobacións poderán afectar tanto as actuacións dos organismos de control coma os propios mercados, co obxecto de comprobar o cumprimento do sistema de autocontrol.

3. Os requisitos e procedementos de actuación dos organismos independentes de control axustaranse ao previsto no anexo IV.

4. Se, como consecuencia dos controis, se detectasen incumprimentos nos requisitos mínimos establecidos no punto 1 do artigo 4 desta orde, para a implantación dun sistema de autocontrol, aplicaranse deducións sobre as axudas aprobadas segundo os seguintes criterios:

a) Cando non se cumpre o 25 por cento dos requisitos mínimos establecidos, aplícase unha dedución do 50 por cento do importe da axuda.

b) Cando non se cumpre o 50 por cento dos requisitos mínimos establecidos, aplícase unha dedución do 75 por cento do importe da axuda.

c) Cando non se cumpre o 75 por cento dos requisitos mínimos establecidos, aplicase unha dedución do 100 por cento do importe da axuda.

Artigo 11º.-*Modificación das axudas.*

1. As subvencións a que se refire esta orde consideraranse subvencións máximas e poderán ser reducidas, por proposta da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, cando exista concorrencia doutras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

2. O pagamento da subvención realizarase con xustificación previa, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxecto ou adopción do compromiso para o que se concedeu, nos termos establecidos nesta orde.

3. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo nos supostos de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e nos casos establecidos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 12º.-*Obriga de reintegro da axuda.*

1. O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida, xunto cos xuros de demora xerados desde o seu pagamento, nos supostos de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e nos casos establecidos no artigo 37 Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto 1 tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13º.-*Réxime de incompatibilidades.*

As axudas recollidas nesta orde son compatibles con outras subvencións, que estableza co mesmo obxecto, calquera outra Administración, sempre que se respecte o nivel máximo de axuda do 50 por cento, dos investimentos subvencionables.

Artigo 14º.-*Xustificación por parte do beneficiario.*

1. As xustificacións técnicas e económicas da realización do programa deberán presentarse antes do 15 de novembro, preferentemente no rexistro xeral da Xunta de Galicia, das súas delegacións provinciais ou nas oficinas agrarias comarcais. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se trate de xustificacións de gastos en nóminas de persoal contratado polas entidades solicitantes para desenvolver as actuacións subvencionables poderanse presentar ata o 15 de decembro, mediante a súa entrega á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.

2. Transcorrido o prazo sen que o/a beneficiario/a presentase a documentación solicitada poderase entender a perda do dereito ao cobramento.

3. Por regra xeral, os gastos realizados polo beneficiario final deberán xustificarse mediante facturas orixinais pagadas mediante transferencia bancaria. Nos casos en que isto non sexa posible, os gastos xustificaranse por medio de documentos contables de valor probatorio equivalente e sempre mediante transferencia bancaria. Para efectuar o pagamento da axuda concedida é necesario que os beneficiarios presenten os xustificantes orixinais de investimento total, transferencia bancaria dos pagamentos, unha relación informatizada destes e unha memoria explicativa sobre a realización das actividades auxilia-

das, que probe a prestación efectiva dos servizos. Para cada concepto, presentárase unha táboa comparativa entre os gastos realizados, debidamente xustificadas, e os presentados no orzamento inicial. A relación informatizada das facturas debe constar dos seguintes campos: concepto, provedor, número de factura, data de emisión e data de pagamento, base imponible, importe correspondente ao IVE e importe total con IVE.

4. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado mediante transferencia bancaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención. Non se considerará gasto realizado o IVE, excepto no caso de beneficiarios que acrediten estar exentos do imposto sobre o valor engadido pola axencia tributaria.

5. Esta xustificación deberá ir acompañada dun informe do auditor de contas inscrito como exercenente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, para cuxo efecto o auditor levará a cabo a revisión da conta xustificativa verificando tanto que os gastos se xustificaron mediante as correspondentes facturas, como os pagamentos mediante transferencia bancaria, dentro do período subvencionable (antes do 15 de novembro) e cuxo obxecto se corresponde cos conceptos subvencionables en cada liña, con suxeición ás normas de actuación e supervisión que, se é o caso, propoña a Intervención Xeral da Xunta de Galicia.

6. De acordo co artigo 30, punto 4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando as actividades foran financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

7. De acordo co artigo 31, punto 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros, no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no caso de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse

expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 15º.-Financiamento.

1. As axudas que deriven da aplicación desta orde financiaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009:

11.03.713_E770.3: 108.000 euros.

2. Así mesmo, os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia cos que se financiarán estas axudas poderanse incrementar con fondos estatais ou autonómicos achegados para o efecto.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto no Real decreto 190/2007, do 9 de febreiro, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas *de minimis* destinadas á implantación de sistemas de autocontrol en mercados de gando e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segunda.-As axudas reguladas por esta orde rexeranse polo disposto no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado ás axudas *de minimis*.

Terceira.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2009.

Samuel Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I



PROCEDEMENTO AXUDAS DESTINADAS Á IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE AUTOCONTROL NOS MERCADOS DE GANDO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR537D	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/ RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF	
[]		[]	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
[]	[]	[]	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
[]	[]	[]	[]
			FAX
			[]

E, na súa representación:

APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	NIF
[]	[]	[]	[]
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
[]	[]	[]	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO
[]	[]	[]	[]
			FAX
			[]

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DC	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
[]	[]	[]	[]
NOME DA ENTIDADE BANCARIA		OFICINA	
[]		[]	

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COTEXADA DO CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL. <input type="checkbox"/> CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCEIRA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA NA QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA. <input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DA PERSONALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICITANTE E OS SEUS ESTATUTOS, SE É O CASO. <input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE, SE É O CASO. <input type="checkbox"/> UNHA DESCRICIÓN DO SISTEMA DE AUTO-CONTROL PARA IMPLANTAR NOS TERMOS PREVISTOS NO ARTIGO 4º <input type="checkbox"/> AVALIACIÓN ECONÓMICA DETALLADA DOS CUSTOS DE IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE AUTOCONTROL. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DO BENEFICIARIO, SEGUNDO O ANEXO II SOBRE OUTRAS AXUDAS CONCEDIDAS E/OU SOLICITADAS PARA OS MESMOS INVESTIMENTOS. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DO BENEFICIARIO, SEGUNDO O ANEXO III SOBRE TODAS AS AXUDAS DE MINIMIS CONCEDIDAS DURANTE OS TRES ANOS ANTERIORES A DATA DE PRESENTACIÓN DESTA SOLICITUDE.

O/A abaixo asinante declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e comprométese a cumprir co programa aprobado pola consellería e elaborado pola entidade solicitante. Así mesmo, comprometerase a cumprir as normas mínimas estatais e comunitarias en materia sanitaria, de identificación, de alimentación, de medio natural, hixiene e benestar dos animais. E, polo tanto, solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do 18 de xuño de 2009, da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á implantación de sistemas de autocontrol nos mercados de gando en Galicia.

EXPÓN:

Que autoriza a Consellería do Medio Rural para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.
 Que autoriza á Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, así como segundo o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia a dar publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 18 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases que regulan as axudas destinadas á implantación de sistemas de autocontrol nos mercados de gando da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2009.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [] REVISADO E CONFORME []	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA Lugar e data _____, de _____ de 200		

Conselleiro do Medio Rural

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO

DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE

DON/DONA		DNI	
EN NOME PROPIO / REPRESENTANTE DA ENTIDADE		CIF	
CON ENDEREZO SOCIAL EN			

DECLARO:

- Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existir outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
- Que solicitei e se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:

DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL	

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración en

_____ , de _____ de _____

Asdo.:

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO

DECLARACIÓN DE AXUDAS PERCIBIDAS DE MINIMIS NOS ÚLTIMOS TRES ANOS

DON/DONA		DNI	
EN NOME PROPIO / REPRESENTANTE DA ENTIDADE		CIF	
CON ENDEREZO SOCIAL EN			

DECLARO, baixo a miña responsabilidade:

En relación coa orde pola que se regula a concesión de axudas destinadas á implantación de sistemas de autocontrol nos mercados de gando.

- Non teño concedida ningunha axuda *de minimis* nos últimos tres anos.
- Teño concedida axuda polo réxime *de minimis*, polas liñas de axuda e importes que se indican:

LIÑA DE AXUDA	IMPORTE
TOTAL	

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración en

_____ , de _____ de _____

Asdo.:

*ANEXO IV***Requisitos e funcionamentos dos organismos independentes de control**

Os organismos independentes de control deberán reunir os criterios establecidos na norma ISO/IEC 17020, cun alcance que inclúa a inspección dos sistemas de auto-control dos mercados, e deberán dispoñer da oportuna acreditación expedida pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) regulada no capítulo II, sección 2ª, do Regulamento da infraestrutura para a calidade e seguridade industrial aprobado polo Real decreto 2200/1995, ou calquera outra entidade de acreditación membro de EA.

De forma transitoria os organismos independentes de control que solicitasen a correspondente acreditación poderán ser autorizados provisionalmente mediante resolución do Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño por un período máximo de ata dos anos despois da entrada en vigor deste real decreto, entremetres obteñen a acreditación, previa solicitude e presentación da seguinte documentación:

1. Xustificación da competencia técnica para realizar a tarefa mediante:

- a) Organigrama.
- b) Persoal inspector (número).
- c) Educación inicial, formación e adestramento, coñecementos técnicos e experiencia axeitados.

2. Identificación legal do organismo.

3. Seguro de responsabilidade adecuado.

4. Tarifas.

5. Métodos e procedementos de inspección axeitados.

6. Tipo ou modelo de informe de inspección que conteña, polo menos, os resultados dos exames e determinacións, así como toda a información necesaria para comprendelos e interpretalos.

Obrigas:

Os organismos independentes de control deberán conservar para o seu posible consulta polas autoridades competentes, durante un prazo de cinco anos, expedientes, documentación e datos dos controis realizados e dos informes emitidos.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Orde do 24 de xuño de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que

se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sita nos edificios administrativos de San Caetano, nº 1, Santiago de Compostela, nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán xuntar á a súa solicitude un *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira sinalada no parágrafo anterior non se terán en conta.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde un/unha funcionario/a con destino noutras administracións, requirirase o informe favorable do departamento onde preste servizos, e considerárase favorable de non emitirse no prazo de quince días, segundo o preceptuado no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. Unha vez tramitado o seu traslado a esta comunidade autónoma procederáse a adxudicarlle o posto para o cal foi seleccionado. Se no prazo de dous meses a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia* o/a funcionario/a seleccionado/a non se puidese incorporar á comunidade autónoma, considerárase deserto o posto e poderase proceder de novo á súa provisión.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá, de considerarse oportuno, declararse deserto o posto de traballo.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo. O prazo de toma de posesión empezárase a